



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 26/04/2012.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.
- D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.
- D<sup>a</sup> María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezoito horas e un minuto do día vinteseis de abril de dous mil doce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de marzo do presente ano dous mil doce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO Ó FUTURO DOS ESTALEIROS DE NAVANTIA NA RÍA DE FERROL.**

Dase conta polo Sr. Alcalde da declaración institucional proposta polo goberno municipal para a adopción dun acordo plenario, que seguidamente le e que literalmente di:

"A grave situación do sector naval na ría de Ferrol constitúe unha seria e fonda preocupación para o conxunto dos veciños e veciñas de Ferrolterra, Eume e Ortegaleira, e, por extensión, para os seus representantes públicos en todos os Concellos das tres comarcas.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

A aguda crise que atravesan os estaleiros de Navantia Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen a hoxe en día practicamente inexistente carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral, que ten manifestado a súa inquedanza con varias mobilizacións masivas que de non variar a situación repetiranse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

O Concello de San Sadurniño advirte de que a carencia de novos contratos que garantan a ocupación nos estaleiros da ría así como as limitacións produtivas no ámbito da construción naval civil e das reparacións supoñen unha seria ameaza para o futuro do naval, un sector que é irrenunciable para todos nos. Máis aínda cando nestes momentos o número de parados en Ferrolterra, Eume e Ortegal supera por primeira vez a cifra das 20.000 persoas.

Por todo isto, e entendendo que o porvir das tres comarcas ten o seu eixo fundamental no naval, o Concello de San Sadurniño nunca se resignará a contemplar o desmantelamento e a morte por inanición do sector naval na ría ferrolá nin a ningún proceso máis de reestruturacións, que supuxeron sempre na nosa historia a destrución de emprego.

Os representantes públicos da cidadanía de San Sadurniño apostamos con esta declaración institucional por uns estaleiros que representan o pasado, o presente e o futuro da nosa comarca. Para elo, fronte á difícil situación do naval, reclamamos con urxencia os seguintes puntos:

1- Esixir a celebración dunha entrevista urxente co presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), conxuntamente cos representantes sociais, políticos e económicos de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

2- Demandar do goberno do estado:

2.1.- A consignación necesaria dentro dos orzamentos xerais para 2012 para a construción do dique flotante, a realizar por Navantia Ferrol-Fene.

2.2.- Desenvolver unha intensa actividade comercial que incida na promoción das capacidades e competitividade de Navantia e sinaladamente dos estaleiros da Ría de Ferrol, buscando a captación de contratos que xeren carga de traballo.

2.3.- O inicio inmediato de negociacións na UE para conseguir o levantamento do veto á construción naval civil nos estaleiros públicos da ría de Ferrol.

3.- Demandar do Goberno Galego:

3.1.- Que, en cumprimento da Proposición non de Lei aprobada por unanimidade no Parlamento Galego o pasado 29 de Xaneiro, se presente o proxecto de Centro de Reparacións Navais na ría de Ferrol, comprometido polo Presidente da Xunta no coñecido como "contrato con Ferrol".

3.2.- Dar cumprimento efectivo da Lei 4/2010, de 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, nomeadamente do seu artigo 4; para o cal deberá presentar no Parlamento Galego unha proposta concreta.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

4.- Demandar das organizacións políticas, nomeadamente das que detentan responsabilidades de goberno, o cumprimento estrito e inmediato das demandas da comarca a respecto do sector naval e, nomeadamente, os asumidos por unanimidade no Parlamento Galego.

5.- O nomeamento da nova presidencia de Navantia

6.- Dar traslado dos presentes acordos ao Goberno Galego, ao Goberno do estado e aos Grupos Parlamentares do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados."

Toma a palabra de seguido o Sr. López Loureiro, para dicir que o seu grupo ten unha proposta alternativa, que de seguido le e que di literalmente:

"A grave situación do sector naval na ría de Ferrol constitúe unha seria e fonda preocupación para o conxunto dos veciños e veciñas de Ferrolterra, Eume e Ortegal e, por extensión, para os seus representantes públicos en todos os Concellos das tres comarcas. A aguda crise que atravesan os estaleiros de Navantia Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen a hoxe en día practicamente inexistente carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral, que ten manifestado a súa inqueda con varias mobilizacións masivas que de non variar a situación repetiránse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

As vinte e unha Corporacións Municipais que refrendamos esta declaración institucional advertimos de que a carencia de novos contratos que garantan a ocupación nos estaleiros da ría así como as limitacións produtivas no ámbito da construción naval civil e das reparacións supoñen unha seria ameaza para o futuro do naval, un sector que é irrenunciable para todos nos. Máis aínda cando nestes momentos o número de parados en Ferrolterra, Eume e Ortegal supera por primeira vez a cifra das 20.000 persoas.

Por todo isto, e entendendo que o porvir das tres comarcas ten un dos seus eixos no naval público, os Concellos que subscribimos esta declaración nunca nos resignaremos a contemplar o desmantelamento e a morte por inanición dos estaleiros de Navantia na Ría Ferrolá.

Os representantes públicos municipais de Ferrolterra, Eume e Ortegal apostamos con esta acción conxunta por uns estaleiros que representan o pasado, o presente e o futuro das nosas comarcas. Para elo, fronte á difícil situación do naval, os Concellos abaixo asinantes reclamamos con urxencia os seguintes puntos:

1- Manter unha reunión do presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), cos Comités de Empresa de Navantia Fene - Ferrol, conxuntamente coa presenza de representantes públicos municipais e axentes sociais e económicos das comarcas de Ferrolterra-Eume-Ortegal.

2- A construción do dique flotante e a reactivación da xestión comercial co obxectivo de conseguir novos contratos que garantan carga de traballo para os estaleiros da ría ferrolá, que é a verdadeira preocupación dos nosos veciños.

3- Negociación do Plan Industrial para Navantia, comprometido e asinado por SEPI.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

4- Levantamento de todas as limitacións, impostas por Bruselas, á Construción Naval Civil a Navantia.

5- O nomeamento da nova presidencia de Navantia.

6- Instar ás organizacións políticas a buscar o cumprimento e seguimento destes obxectivos."

Interven o Sr. Márquez para dicir que a situación é preocupante e lamentable, con cifras récord de paro, e que as administracións con competencias na materia, Xunta e Goberno Central, deberían unir esforzos e tratar de resolver este tema. Respecto ás declaracións propostas polos grupos de BNG e PP, di que ámbalas dúas valen, que é preciso tratar de acadar un acordo e conseguir carga de traballo para os estaleiros e o levantamento do veto para o sector, que os detalles son o de menos, que está de acordo coas dúas propostas e que o asunto supera a importancia dos simples detalles.

O Sr. Alcalde toma a palabra novamente de seguido para facer un relato cronolóxico do asunto: como a carga de traballo nos estaleiros escasea dende hai tempo, no pasado mes de novembro, antes das eleccións xerais, tivo lugar unha mobilización convocada polos traballadores de Navantia e secundada por tódalas forzas políticas para pedir traballo e concretamente para solicitar a construción dun dique flotante, que ademáis do traballo inmediato que suporía, tamén melloraría as expectativas de carga de traballo en reparacións. O Goberno da Xunta, a través do seu Conselleiro de Industria, comprometeuse incluso a financiar a metade do investimento necesario para ese dique, que o novo goberno central debía incluír no orzamento para 2012, pero que agora non aparece nin nos orzamentos do estado, nin nos da SEPI nin no da Xunta. Isto xenerou outra tanda de mobilizacións das forzas políticas e sociais durante o debate do orzamento e unha xuntanza en réxime de autoconvocatoria realizada entre os alcaldes da comarca no Concello de Ferrol. Nesa xuntanza acordouse a convocatoria simultánea de sesións plenarias en tódalas corporacións municipais da comarca para a adopción dun acordo en defensa do sector naval, quedando o Alcalde de Ferrol encargado do envío da proposta de declaración ao resto dos alcaldes presentes. En contestación a esa proposta, formulouse dende este Concello unha contraproposta cuxa parte expositiva coincidía totalmente coa realizada polo alcalde de Ferrol e na parte resolutive incluía textualmente o acordo plenario adoptado polo parlamento galego o pasado 29 de xaneiro, por consideralo máis acaído ó momento actual.

O Sr. López Loureiro interven brevemente para dicir que o seu grupo non trata de enganar a ninguén, e que todos teñen o mesmo interese no mantemento dos postos de traballo nos estaleiros e nas empresas auxiliares.

O Sr. Alcalde continúa decindo que a proposta do seu grupo recolle textualmente os acordos acadados o pasado mes de xaneiro no parlamento de Galicia e que quen no quera o dique debe dicirlo claramente, e lembra o contrato con Ferrol que o Consello da Xunta celebrado nesa cidade acordou aprobar, e que comprendía o compromiso de creación dun centro de reparacións. Di que a súa proposta non culpa a nadie, pero que tampouco vale facer brindis ó sol e desentenderse logo dos compromisos. Di que a proposta do PP é lexítima, pero non se pode presentar como resultado dun acordo da asemblea de Navantia, e que o Alcalde



San Sadurniño

[www.sansadurnino.es](http://www.sansadurnino.es)

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

de Ferrol trata de salvar os mobles ó Ministro, que é do seu partido, demostrando que lle importa pouco a súa cidade, e lembra que o BNG ven rexeitando a reconversión dende os anos 80 e advertindo que a construción dalgunhas fragatas ou o compromiso de adicar o 20% a reparacións non resolverían o problema.

Interven de seguido o Sr. Márquez, para dicir que a única opción de futuro a corto prazo pasa pola construción do dique flotante con cargo ós orzamentos públicos deste ano, porque en caso contrario, tódolos sectores económicos da zona se resentirán, e que aínda se está a tempo de acadar a súa inclusión no presuposto.

Toma a palabra de seguido o Sr. Varela, directamente afectado polo asunto como traballador de Navantia dende hai 35 anos, cuando aínda era Bazán e tiña unha plantilla de máis de 6.000 persoas, das que quedan apenas 2.200. Di que con textos carentes de compromisos concretos, como este que agora se propón polo PP, foi como se desmantelou o sector, e que hai que manifestarse claramente en contra das prexubilacións, que soamente logran empeorar máis os niveis de desemprego na zona. Pronúnciase en contra do veto á construción civil a unha empresa que ten todo o necesario para competir internacionalmente nese sector, xa que reducir a diversificación productiva elimina as posibilidades duna supervivencia que resulta imposible coa construción militar e as reparacións, e culpa ó PP e ó PSOE, así como a algúns sindicatos, de aceptar promesas e plans de viabilidade sen contido a cambio de sucesivas reducións de plantilla, levando á ruína a toda a comarca. Remata decindo que se non se esixe a consignación necesaria para este mesmo ano, a declaración non servirá de nada, e que os políticos que non apoién esta proposta deberían dimitir porque mentiron á xente.

Interven brevemente de seguido o Sr. Díaz Silva, para dicir que ademáis dos políticos, tamén os sindicatos son responsables, por agardar ata o final para convocar movilizacións e polo pouco que lles importan os traballadores das auxiliares ós comités das grandes empresas.

O Sr. Alcalde resposta que os comités teñen o seu propio ámbito de actuación e que deben defender os intereses dos traballadores ós que representan, que ás veces non coinciden del todo cos do resto de traballadores. Di tamén que o tema é complexo, que a reconversión foi fruto da incorporación á Unión Europea, da que Galicia resultou perxudicada nos sectores agrogandeiro, pesqueiro e naval, como xa algúns advertiron dende o ano 84, asumindo consecuencias políticas negativas por esa causa, e que as cousas aínda poden empeorar pola recente reforma da lexislación laboral que permite a realización de expedientes de regulación de emprego nas empresas públicas.

O Sr. López Loureiro, volvendo ó tema da declaración institucional, di que cre que o BNG foi o único que se desmarcou da proposta do Alcalde de Ferrol, e que ninguén quere que Ferrol quede sen estaleiros, e o Sr. Alcalde repite que foi o Alcalde de Ferrol quen pactou con algún sindicalista a modificación do texto inicialmente acordado, suprimindo a necesaria referencia ás prexubilacións. O Sr. Soto interven para clarear que do que se trata é de que se non se actúa de maneira inmediata para incluír a partida necesaria no orzamento estatal, en dous meses o naval de Ferrol morirá para sempre, idea na que insiste tamén o Sr. Varela,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

advertindo que quedarán na rúa varios centos de familias se non se acorda unha declaración con propostas concretas que vaia máis aló das simples intencións. O Sr. Alcalde indica tamén que non é preciso que se consigne a cantidade total necesaria para o dique flotante no 2012, xa que se trataría dun investimento plurianual, e di que por outra banda, trataríase dun investimento cun importante retorno económico.

O Sr. Varela fai finalmente unha proposta de consenso para a declaración, pero mantendo como imprescindible a esixencia da consignación orzamentaria precisa para o dique, que foi o Conselleiro de Industria da Xunta quen solicitou e comprometeu.

Sometida finalmente a votación ordinaria a proposta de declaración institucional presentada polo BNG, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a declaración de que se trata.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

